

Memoria do Servizo de Prevención de Riscos Laborais 2020





OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE

ÍNDICE

- I. INTRODUCCIÓN
- II. ACTIVIDADES DO SERVIZO DE PREVENCIÓN
 - 1. AVALIACIÓNS DE RISCOS
 - 2. INSPECCIÓN, COMPROBACIÓNS E INFORMES
 - 3. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES
 - 4. FORMACIÓN
 - 5. INFORMACIÓN
 - 6. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS
 - 7. PLANES DE AUTOPROTECCIÓN
 - 8. VIXILANCIA DA SAÚDE
 - 8.1 Campaña de vacinación antigripal
 - 9. COVID- 19
 - 10. XESTIÓN DE CAIXAS DE URXENCIAS
 - 11. XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
 - 12. OUTRAS ACTIVIDADES

I. INTRODUCCIÓN

Este documento ten como obxectivo achegar información sobre as accións preventivas do ano 2020.

Elabórase a partir da análise e recompilación de todas as actividades que en materia preventiva realizou e/ou coordinou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo.

Moitas das actividades que se presentan precisaron para a súa realización da coordinación do servizo de prevención propio (SPP), o servizo de prevención alleo (SPA) “NorPrevención SL” e a Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

Non se detallan a atención de consultas formuladas ao SPP, polos/as traballadores/as, demandando asesoramento sobre os riscos e sobre o control efectivo destes.

A Universidade de Vigo atópase actualmente en proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2030, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara á consecución dos denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións no eido da Prevención de Riscos Laborais que se presentan nesta memoria, axudan á nosa Universidade no cumprimento do **ODS 8** sobre **Traballo decente e crecemento económico**, en particular a **meta 8.8** que busca *protexer os dereitos laborais e promover un entorno de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores*.

II. Actividades do Servizo de Prevención

1. Avaliacións de riscos

A través das avaliacións iniciais de riscos procédese á identificación, con carácter xeral, dos riscos laborais presentes nos postos de traballo para poder eliminalos, ou no caso de non ser isto posible, proceder á súa valoración e á adopción de medidas de prevención e protección necesarias. Inclúense neste apartado estudos hixiénicos, ergonómicos e de seguridade. A realización das avaliacións de riscos require traballo de campo e oficina que é realizado polo Servizo de Prevención Alleo e o Servizo de Prevención Propio da Universidade.

A continuación detállanse as avaliacións realizadas durante o período que abrangue esta memoria.

AVALIACIÓNS INICIAIS DE RISCOS

VIGO

EDIFICIO DE FUNDICIÓN

OURENSE

CASA DAS CAMPÁS

OUTROS

EXCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS CAMPAMENTO ROMANO DA CIADELLA EN SOBRADO. A CORUÑA

REVISIÓN DAS AVALIACIÓNS DE RISCOS

VIGO

EXERIA-Rev 01

CACTI-CINBIO-Rev 02 (avaliación do posto de persoal de conserxaría con tarefas especiais e actualización dos postos do Animalario: Veterinario/a e Técnico/a)

2. Inspeccións, comprobacións e informes

Neste período emitíronse diversos informes sobre condicións de traballo froito de inspeccións e comprobacións das condicións de seguridade e saúde realizadas polo SPRL.

Neste apartado non se inclúen os informes de accidente

En total realizáronse 30 informes:

| CAMPUS | REVISIÓNS DE POSTOS E LUGARES 2020 |
|--------------|------------------------------------|
| Ourense | 10 |
| Pontevedra | 2 |
| Vigo | 17 |
| Outros | 1 |
| Total | 30 |

| REVISIONS DE POSTOS E LUGARES 2020 | | | |
|------------------------------------|---|--------------------------------|---|
| VIGO | | OURENSE | |
| Biblioteca Central | 1 | Concepción Ramón Amat | 1 |
| CACTI-Torre CACTI | 1 | Edificio Ferro | 1 |
| E E Industrial (Torrecedeira) | 1 | Edificio Manuel Martínez Risco | 4 |
| E Enxeñaría de Minas e Enerxía | 1 | Edificio Politécnico | 1 |
| ECIMAT | 1 | Edificio Xurídico Empresarial | 2 |
| Edificio Ciencias Experimentais | 2 | Pavillón Universitario | 1 |
| Edificio Exeria (xerencia antiga) | 3 | PONTEVEDRA | |
| Edificio Filomena Dato | 2 | Casa da Campás | 1 |
| Edificio Fundación | 1 | F Belas Artes | 1 |
| F CC Xurídicas | 1 | OUTROS | |
| F Filloxía e Tradución | 1 | Máscaras comunicativas | 1 |
| MTI | 1 | | |
| Praza Miralles | 1 | | |

3. Investigación de accidentes

| Segundo baixa | 2020 |
|---------------|-----------|
| Sen baixa | 15 |
| Con baixa | 7 |
| Total | 22 |

| Segundo lugar | 2020 |
|-------------------|-----------|
| in itinere | 5 |
| lugar de traballo | 15 |
| en misión | 2 |
| Total | 22 |

| XÉNERO | 2020 |
|--------------|-----------|
| Mulleres | 13 |
| Homes | 9 |
| Total | 22 |

| CAMPUS | 2020 |
|--------------|-----------|
| Ourense | 2 |
| Pontevedra | 3 |
| Vigo | 17 |
| Total | 22 |

| COLECTIVO | 2020 |
|---------------|-----------|
| PAS | 12 |
| Investigación | 7 |
| PDI | 2 |
| Bolseiro | 1 |
| Total | 22 |

| Segundo o Risco | 2020 |
|--|-----------|
| 010 Caída de persoas a distinto nivel | 2 |
| 020 Caída de persoas ao mesmo nivel | 5 |
| 070 Choques contra obxectos inmóviles | 1 |
| 080 Choques contra obxectos móbiles | 1 |
| 090 Golpes / cortes por obxectos ou ferramentas | 2 |
| 110 Atrapamento por ou entre obxectos | 1 |
| 161 Contactos eléctricos directos | 1 |
| 180 Contactos con sustancias cáusticas ou corrosivas | 3 |
| 230 Atropelos ou golpes con vehículos | 6 |
| Total | 22 |

4. Formación

En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 “Formación dos traballadores”, o SPRL durante o ano 2020 realizou os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

| VIGO/ OURENSE/ PONTEVEDRA | | | | |
|---------------------------|--|-------------|--------|-------------|
| PROGRAMA FORMATIVO SPA | | | | |
| DIRIXIDO A | CURSOS | Nº EDICIÓNS | HORA S | ASISTEN TES |
| PDI e PAS | Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas | 6 | 2 | 32 |

| VIDEOCONFERENCIA | | | | |
|-------------------------------|--|-------------|-------|------------|
| PROGRAMA FORMATIVO SPP | | | | |
| DIRIXIDO A | CURSOS | Nº EDICIÓNS | HORAS | ASISTENTES |
| Persoal de nova incorporación | Curso teórico de formación inicial de prevención de riscos laborais para novas incorporación | 2 | 2,5 | 31 |

| A DISTANCIA | | | | |
|--------------------------|---|-------------|-------|------------|
| PROGRAMA FORMATIVO SPA | | | | |
| DIRIXIDO A | CURSOS | Nº EDICIÓNS | HORAS | ASISTENTES |
| PAS, e Investigadores | Básico prevención riscos laborais | Permanente | 50 | 8 |
| PDI | Prevención de riscos laborais para persoal docente | 1 | 4 | 67 |
| PAS | Prevención de riscos laborais para persoal de conserxaría | 1 | 6 | 38 |
| PAS | Prevención de riscos laborais para persoal administrativo | 1 | 4 | 24 |

5. Información

Coa aparición da COVID-19 realizáronse manuais, guías Medidas de prevención e protocolos de actuación.

| |
|--|
| INFORMACIÓN |
| MANUAIS |
| PARA O PERSOAL ADMINISTRATIVO |
| PARA O PERSOAL DAS BIBLIOTECAS |
| PARA O PERSOAL DAS CONSERXARIAS |
| PARA O PERSOAL DOS LABORATORIOS DE INVESTIGACIÓN |
| PARA O PERSOAL DOS SERVIZOS INFOMÁTICOS |
| PARA O PERSOAL DE MEDIOS AUDIOVISUAIS |
| PARA O PERSOAL TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN |
| PARA O PERSOAL DE XARDINARÍA |
| PARA O PERSOAL DA ÁREA DE BENESTAR SAÚDE E DEPORTE |
| GUÍAS |
| ACTUACIÓN PARA OS TITULARES E PERSOAL DAS CAFETERÍAS E COMEDORES |
| ACTUACIÓN DAS EMPRESAS E PERSOAL DE LIMPEZA NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE |
| ACTUACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS PROBAS DA AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) |
| ACTUACIÓN PARA REALIZAR OS EXAMES PRESENCIAIS NA UNIVERSIDADE DE VIGO |
| MEDIDAS DE PREVENCIÓN |
| FRONTE AO COVID-19 NO ACTO DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO |

FRONTE Á COVID-19 NOS ACTOS OU EVENTOS QUE SE CELEBREN NO TEATRO, AUDITORIOS, SALÓNS DE ACTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO OU EN ESPAZOS AO AIRE LIBRE

PROTOCOLOS E PROCEDEMENTOS

PROTOCOLO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL TEÓRICA E PRÁCTICA PARA O CURSO 2020-2021 NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (DEROGADO)

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE POSIBLES CASOS DE COVID-19 NA UNIVERSIDADE DE VIGO. LISTAXE DE RESPONSABLES E SALAS COVID-19 NOS CENTROS

PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DE GRUPOS VULNERABLES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

OUTROS

CONSELLOS PARA TRABALLAR DENDE CASA DE FORMA SAUDABLE

6. Coordinación de actividades empresariais

Nos centros da Universidade de Vigo desenvólven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas, atendendo ao mandato da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e ao Real decreto 171/2004, é necesario coordinar as actividades de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais.

O Servizo de Prevención realiza a coordinación de acordo co procedemento que o propio Servizo elaborou e que foi aprobado en Consello de Goberno no ano 2011, dentro do Plan de Prevención da Universidade de Vigo (PPRL 08 Coordinación de actividades empresariais).

Realizáronse as accións de coordinación que se indican a continuación:

| ACTUACIÓNS CON EMPRESAS NOVAS 2020 | |
|------------------------------------|-----------|
| OBRA | 19 |
| OUTRO | 2 |
| PROXECTO INVESTIGACIÓN | 2 |
| SERVIZO | 9 |
| SUBMINISTRO | 6 |
| Total | 38 |

| ACTUACIÓNS CON EMPRESAS XA REXISTRADAS | |
|--|------------|
| Total | 105 |

7. Planes de autoprotección

A normativa en materia de prevención de riscos laborais, concretamente o artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece que *o empresario tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas a esta, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores.*

Para a aplicación das medias adoptadas, o empresario deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica urxente, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia destas.

PLANES DE AUTOPROTECCIÓN

VIGO

TEATRO

OURENSE

EDIFICIO CAMPUS DA AUGA

EDIFICIO ADMINISTRATIVO

REVISIÓNS DOS PLANES DE AUTOPROTECCIÓN

VIGO

E E MINAS E ENERXÍA-Rev 01

EDIFICIO EXERIA-Rev 01

PONTEVEDRA

CASA DAS CAMPÁS

8. Vixilancia da saúde

A Lei de prevención de riscos laborais, lei 31/1995, e o Rd 39/1997, de regulamento dos servizos de prevención, obrigan a que o empresario garanta a todo o seu persoal a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao seu posto de traballo.

O Rd 39/1997, no seu artigo 37.3, indica que en materia de vixilancia da saúde, a actividade sanitaria deberá abranguer:

1º. Unha avaliación da saúde dos traballadores e traballadoras inicial despois da súa incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.

2º. Unha avaliación da saúde dos traballadores e traballadoras que volvan ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde, coa finalidade de descubrir as súas eventuais orixes profesionais e recomendar unha acción apropiada para protexer aos traballadores e traballadoras.

3º. Unha vixilancia da saúde a intervalos periódicos.

Asemade este mesmo artigo do Rd 39/1997, determina o contido dos devanditos recoñecementos médicos e os informes derivados.

A Universidade de Vigo ten concertada a actividade de vixilancia da saúde coa entidade “NorPrevención SL”.

O servizo médico, unha vez realizado o exame de saúde comunica ao persoal traballador o resultado por escrito respectando a confidencialidade, á Universidade infórmaa, exclusivamente, en termos de aptitude para o posto de traballo específico e recomendacións para mellorar as condicións de traballo, dende o punto de vista sanitario. O servizo médico baseándose na avaliación da saúde do persoal traballador emitirá un criterio de aptitude coincidente cun dos seguintes:

- APTO
- APTO CON LIMITACIÓNS: o persoal traballador pode desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto, pero algunha non fundamental non poderá desenvolvela ou so poderá desenvolvela de xeito parcial.

- APTO EN OBSERVACIÓN: o persoal traballador pode desenvolver seu traballo pero os datos obtidos no recoñecemento son insuficientes e o servizo médico está á espera de máis información.
- NON APTO TEMPORAL: o persoal traballador non pode no momento actual desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto de traballo. É unha situación temporal e limitada no tempo.
- NON APTO DEFINITIVO: o persoal traballador non pode desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto de traballo e non hai posibilidade de recuperación.
- INCOMPLETO NON VALORABLE: este criterio aplicarase cando o persoal traballador non realice todas as probas necesarias para emitir un criterio de aptitude sobre o seu recoñecemento.

Dende o Servizo de Prevención Propio coordínanse as actividades de vixilancia da saúde co servizo de prevención alleo “NorPrevención SL”.

O Servizo de Prevención Propio recibe o certificado de aptitude correspondente á realización dos recoñecementos médicos periódicos dos tres campus,

Actividades realizadas polo SPRL propio en relación coa vixilancia da saúde:

Organización dos recoñecementos médicos periódicos e xestión da documentación correspondente.

Envío de enquisas de vixilancia da saúde unha vez que rematan os recoñecementos médicos periódicos. Recepción destas e obtención de datos.

Recepción das notificacións das novas incorporacións e traslado ao servizo médico, trala aceptación do persoal traballador.

| NOVAS INCORPORACIÓNS | | | |
|----------------------|------------|----------|--------------|
| Campus | Notificado | Autoriza | Non autoriza |
| OURENSE | 28 | 14 | 14 |
| VIGO | 74 | 40 | 34 |
| PONTEVEDRA | 9 | 5 | 4 |
| TOTAL | 111 | 59 | 52 |

Recepción das notificacións de situación de embarazo e traslado ao servizo médico. Revisión da avaliación do posto de traballo e se é o caso enviase a xerencia un informe coa proposta das medidas preventivas que se deben adoitar (adaptación, cambio de posto de traballo, ...).

| TRABALLADORAS EMBARAZADAS | | | | | | |
|---------------------------|--------------|------|-------------|----------|-----------------|-----------------|
| Campus | Notificación | Apta | Limitacións | Non apta | Sen seguimento* | Vulnerabilidade |
| OURENSE | 0 | | | | | |
| VIGO | 5 | | 1 | | 3 | 1 |
| PONTEVEDRA | 1 | 1 | | | | |
| TOTAL | 6 | 1 | 1 | 0 | 3 | 1 |

* Debido ao confinamento paralizáronse os recoñecementos médicos. Unha vez retomáronse estes, contactouse con aquelas traballadoras que tiñan pendente a súa cita. Nalgúns casos xa non a precisaban polo que non houbo necesidade de continuar co procedemento establecido.

Recepción das notificacións de situación de lactación natural e traslado ao servizo médico. Revisión da avaliación do posto de traballo e se é o caso enviase a xerencia un informe coa proposta das medidas preventivas que se deben adoitar.

| TRABALLADORAS EN PERÍODO DE LACTACIÓN NATURAL | | | | |
|---|--------------|------|-------------|----------|
| Campus | Notificación | Apta | Limitacións | Non apta |
| OURENSE | 0 | | | |
| VIGO | 0 | | | |
| PONTEVEDR A | 0 | | | |
| TOTAL | 0 | | | |

Recepción das notificacións de baixas superiores a 60 días, enviadas polo servizo de persoal e traslado ao servizo médico, trala aceptación do persoal traballador.

| BAIXAS SUPERIORES A 60 DÍAS | | | | |
|-----------------------------|------------------|-------------------------|-----------|-----------------|
| Campus | Número de baixas | AUTORIZAN RECOÑECIMENTO | | |
| | | SI | NON | NON RESPONDE |
| OURENSE | 3 | 2 | 1 | |
| PONTEVEDRA | 5 | 2 | 2 | 1 |
| VIGO | 24 | 13 | 11 | |
| TOTAL | 32 | 17 | 14 | 1 |

Recoñecementos médicos.

| RECOÑECEMENTOS OURENSE | |
|---|------------|
| CAMPUS AS LAGOAS | |
| TIPO DE RECOÑECEMENTO | REALIZADOS |
| Recoñecemento médico periódico | 77 |
| Recoñecemento médico inicial | 8 |
| Recoñecementos médicos incompletos | 4 |
| Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días | 1 |
| Recoñecemento médico por solicitude de adaptación | 1 |
| Licencia supervisor de instalacións radioactivas | 2 |
| Recoñecemento médico especial (radon) | 3 |
| Recoñecemento médico especialmente sensible (máscara COVID) | 1 |
| TOTAL | 97 |

| RECOÑECEMENTOS PONTEVEDRA | |
|---|---------------------------|
| CAMPUS A XUNQUEIRA | |
| TIPO DE RECOÑECEMENTO | RECOÑECEMENTOS REALIZADOS |
| Recoñecemento médico periódico | 62 |
| Recoñecemento médico inicial | 9 |
| Recoñecementos médicos incompletos | 1 |
| Recoñecemento médico por embarazo | 1 |
| Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días | 1 |
| TOTAL | 74 |

| RECOÑECEMENTOS VIGO | |
|---|---------------------------|
| CAMPUS LAGOAS MARCOSENDE | |
| TIPO DE RECOÑECIMIENTO | RECOÑECEMENTOS REALIZADOS |
| Recoñecemento médico periódico | 543 |
| Recoñecemento médico inicial | 30 |
| Recoñecementos médicos incompletos | 9 |
| Recoñecemento médico por embarazo | 1 |
| Recoñecemento médico por lactación natural | 1 |
| Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días | 9 |
| Recoñecemento médico por solicitude de adaptación | 5 |
| Recoñecemento médico por revisión de aptitude | 5 |
| Licencia supervisor de instalacións radioactivas | 2 |
| TOTAL | 605 |

| RECOÑECEMENTOS VIGO | |
|---|---------------------------|
| CAMPUS VIGO CIDADE | |
| TIPO DE RECOÑECIMIENTO | RECOÑECEMENTOS REALIZADOS |
| Recoñecemento médico periódico | 39 |
| Recoñecemento médico inicial | 8 |
| Recoñecementos médicos incompletos | 1 |
| Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días | 3 |
| Recoñecemento médico por solicitude de adaptación | 1 |
| Recoñecemento médico por revisión de aptitude | 1 |

| | |
|---|-----------|
| Recoñecemento médico especial (radon) | 1 |
| Certificado médico mergullo profesional | 1 |
| TOTAL | 55 |

| RECOÑECIMENTOS NOUTRAS SEDES | | | | |
|------------------------------|-------------------------|--------|------------------------------|------------------|
| Sede | Recoñecemento periódico | médico | Recoñecemento médico inicial | Outros (retorno) |
| A CORUÑA | 1 | | 1 | |
| LUGO | | | | 1 |
| SANTIAGO | 2 | | | |
| TOTAL | 3 | | 1 | 1 |

Recepción das cartas de aptitude. No caso de que o persoal traballador sexa “NON APTO”, “APTO CON LIMITACIÓNS” ou “APTO CON RECOMENDACIÓNS” enviase a xerencia un informe coa proposta de adaptación, recomendación ou necesidade de cambio de posto de traballo.

| ADAPTACIÓNS/RECOMENDACIÓNS 2020 | |
|---------------------------------|----------|
| OURENSE | 0 |
| VIGO | 8 |
| PONTEVEDRA | 0 |
| TOTAL | 8 |

| MODIFICACIÓN DE RESTRICIÓN 2020 | |
|---------------------------------|---|
| OURENSE | 0 |
| VIGO | 4 |
| PONTEVEDRA | 1 |
| TOTAL | 5 |

8.1. Campaña de vacunación antigripal

No eido da saúde pública e en consonancia coa vixilancia da saúde, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais colabora na “Campaña de vacunación antigripal” organizada anualmente polo SERGAS. Antes do inicio oficial da campaña, publícase o aviso no que se informa ao persoal traballador sobre o prazo para achegar a súa solicitude como interesado/a na administración da vacina. O listado deste persoal é remitido ao servizo médico da vixilancia da saúde que é quen se encarga da petición, recepción, distribución e administración da vacina.

| VACINA GRIPE 2020 | | |
|-------------------|-------------|-----------------------|
| Sede | Solicitudes | Vacinas administradas |
| OURENSE | 107 | 50 |
| PONTEVEDRA | 46 | 6 |
| VIGO | 484 | 116 |
| TOTAL | 637 | 172 |

9. COVID-19

Xestión de casos COVID-19.

A situación epidemiolóxica supuxo o establecemento dun protocolo de actuación para a comunicación de casos relacionados coa COVID-19. Isto implicou levar a cabo un rexistro, control e seguimento das comunicacións achegadas polos responsables COVID dos centros da Universidade de Vigo. Esta información reflíctese na emisión dun informe diario que se remite ao Vicerreitorado de Planificación e Sostibilidade.

| Campus / Persoal | TIPO DE CASO | | |
|-------------------|--------------|-------------|-------|
| | Positivos | Descartados | Total |
| OURENSE | 55 | 19 | 74 |
| Estudante | 54 | 14 | 68 |
| PAS | 1 | | 1 |
| PDI | | 5 | 5 |
| PONTEVEDRA | 40 | 120 | 160 |
| Estudante | 36 | 113 | 149 |
| PAS | 1 | 3 | 4 |
| PDI | 3 | 4 | 7 |
| VIGO | 94 | 70 | 164 |
| Estudante | 78 | 54 | 132 |
| PAS | 3 | 7 | 10 |
| PDI | 13 | 9 | 22 |
| TOTAL | 189 | 209 | 398 |

Xestión de persoal vulnerable a COVID-19.

A resultas desta situación epidemiolóxica xurde unha nova figura no ámbito da vixilancia da saúde, o persoal vulnerable. Conforme ao “Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2” publicado polo Ministerio de Sanidade (versión do 22 de maio de 2020), elaborouse un procedemento para a valoración do persoal traballador que puidera estar incluído nalgún dos grupos que teñen a consideración de vulnerabilidade.

| Campus / Persoal | VULNERABLES | NON VULNERABLES | SEN VALORACIÓN* | Total |
|----------------------|-------------|-----------------|-----------------|-------|
| OURENSE | 58 | 5 | 5 | 68 |
| PAS | 18 | 1 | 1 | 20 |
| PDI | 37 | 4 | 4 | 45 |
| Persoal Investigador | 3 | 0 | 0 | 3 |
| PONTEVEDRA | 71 | 8 | 5 | 84 |
| PAS | 18 | 2 | 2 | 22 |
| PDI | 53 | 5 | 3 | 61 |
| Persoal Investigador | 0 | 1 | 0 | 1 |
| VIGO | 285 | 24 | 27 | 336 |
| PAS | 120 | 14 | 7 | 141 |
| PDI | 149 | 9 | 17 | 175 |
| Persoal Investigador | 16 | 1 | 3 | 20 |
| TOTAL | 414 | 37 | 37 | 488 |

* Sen valoración por non presentar a documentación requirida.

10. Xestión de caixas de urxencias

Segundo o Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nos lugares de traballo, estes lugares disporán do material para a prestación de primeiros auxilios ao persoal traballador que sufra un accidente de traballo.

Tanto as caixas de urxencias como a dotación de material de urxencias é subministrado á Universidade pola Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

O Servizo de Prevención da Universidade recibe o material da MUTUA e encargase de enviálo aos servizos ou dependencias que o solicitan segundo o formulario que está recollido no documento rexistro de prevención de riscos laborais “DRPRL-09-03 Solicitud de caixas de primeiros auxilios”.

Durante o período en curso xestionáronse as seguintes peticións de de caixas de urxencias e reposicións de contidos:

| CAIXAS DE URXENCIAS E REPOSICIÓNS 2020 | | | | |
|--|----------|--------|----|----|
| CAIXAS DE URXENCIAS ENTREGADAS | | | | 6 |
| REPOSICIÓN | CONTIDOS | CAIXAS | DE | 23 |
| URXENCIAS | | | | |

11. Xestión de equipos de protección individual

| XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL EPIs 2020 | |
|---|----------------------|
| CENTRO/SERVIZO | NÚMERO TRABALLADORES |
| Campus da Auga | 2 |
| Xardinería Ourense | 1 |
| Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación | 3 |
| EE Forestal | 1 |
| EE Industrial | 1 |
| EE de Telecomunicación | 3 |
| EE de Minas e Enerxía | 2 |
| Unidade de Transporte e Distribución | 1 |
| Edificio de Ciencias Experimentais | 2 |
| CACTI-CINBIO | 4 |
| Facultade de Filoloxía e Tradución | 1 |
| Edificio Filomena Dato | 1 |
| ECIMAT | 1 |
| TOTAL | 23 |

12. Outras actividades

- Realización do Plan de prevención e control sanitario fronte a COVID-19 para o curso 2020-2021.
- Recepción dos casos COVID-19 e tratamento dos datos.
- Participación nos programa formativos da Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.
- Impartición do “curso de capacitación laboral no ámbito do emprego con apoio” (Vicerreitorado do Campus de Ourense).
- Titoría de prácticas de alumnos do “Máster en Prevención de Riscos Laborais”.
- Titoría de dous bolseiros de formación en Unidades e Áreas da Universidade de Vigo.
- Charla informativa aos bolseiros/as de formación en Unidades e Áreas.





OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE